

Limiar

Entre os debates ideolóxicos e políticos que se produciron na Galiza na segunda metade do século XIX hai que situar o feminismo xunto a outros grandes temas como o capitalismo e a súa crise, a emigración, a estrutura agraria de Galiza ou o provincialismo. Ao se referir a aqueles debates, Barreiro Fernández argumentou que, en momentos en que un sector da sociedade tiña conciencia de que o traballo é unha unidade de valor, era lóxico concibir o papel das mulleres desde un punto de vista utilitario. Ideas que expuxo nun traballo presentado no *Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* e publicado nas actas un ano despois (1986). Certo é que o período analizado polo historiador se limitaba aos anos 1846-1868, mais, no que di respecto ao feminismo, tema que atinxe a estas notas introdutorias, a polémica non só irrompeu con forza nalgúns ensaios, nas páxinas de xornais e revistas, en discursos e conferencias pronunciadas en liceos, ateneos e centros de cultura, senón que continuou con profusión de titulares na prensa decimonónica –nomeadamente no último terzo– e nos primeiros decenios do XX, a vulgar polos numerosos textos recuperados sobre este particular. Dentro daquela polémica, a educación e instrución das mulleres, se debían ou non traballar, a emancipación feminina que comezaba a despuntar, a dedicación á escrita, o dereito ao sufraxio, foron temas reiterados.

Arredor da educación feminina xeráronse centos de páxinas con posicionamentos a favor e en contra. Insistíase sobre todo na “educación”, encamiñada a perfeccionar moral e socialmente as mulleres e, sobre todo, a consolidar tres roles: o de filla, esposa e nai, conscientes os seus inspiradores de que o ámbito de actuación preferente debería exercerse na centralidade da institución familiar; e desdeñábase a “instrución”, entendida como un manancial de coñecementos adquiridos. A educación, segundo os valedores desta primeira corrente, dirixíase ao corazón e a instrución á intelixencia e, ás mulleres, só lles interesaba cultivar o corazón e seren felices porque a instrución “non soe facelas felices”, manifestaba Severo Catalina, director de Instrución Pública en 1866. Á altura da década de 1860 –Mercedes Tella Comas naceu en 1868– xa ficaba lonxe o Informe Quintana (1813), elaborado para a reforma educativa tras a promulgación

da Constitución do ano anterior, cuxos principios básicos se orientaban á mellora do ensino da poboación masculina e estabelecían con toda clareza a instrución para os nenos, universal, gratuíta e pública, diferente da destinada ás nenas, que debía ser privada e doméstica, non para facer delas cidadás preparadas e libres senón para cumpriren ben os tres roles citados. Aínda que pasara tempo abondo desde aquel informe, o discurso maioritario seguía contemplando como unha ameaza para a sociedade o cultivo da intelixencia por parte das mulleres. O ambiente non era en absoluto favorábel para as que exercían algunha actividade de tipo intelectual: “bachilleras necias e insufribes”, “ratos de biblioteca”, “pedagogos con saias”, eran algún dos cualificativos cos que eran aludidas. Considerábase que a muller ilustrada, entregada ao pensamento e á reflexión, esquecía o cumprimento dos seus importantes “deberes domésticos”. O que interesaba sobre todo era que as nenas soubesen ler, escribir, sumar, doutrina relixiosa e facer labores.

Este discurso non era exclusivo dos homes. A mestra e escritora canguesa Sarah Escarpizo Lorenzana Couto (1875-1967), poeta, narradora, publicista, como mestra de instrución primaria e fundadora-directora do Colexio da Purísima Concepción de Pontevedra, orientado ao ensino elemental e á educación de adorno que pensaba conviña ás mulleres, na revista *El Ángel del Hogar* (1894-1896), dirixida por ela, mantiña este mesmo discurso, nun tempo en que a situación xa comezara a mudar paseniño: “Nuestro propósito es instruir deleitando; divulgar cuantos conocimientos deban adornar a la mujer, contribuir a la obra de su perfeccionamiento moral y material, para hacer de ella, no una entidad sabia, sino una perfecta ama de casa, o una madre cariñosa y previsoras”, recollía o número 1 da publicación, de 15 de xuño de 1894.

Dentro desta ideoloxía da domesticidade, os manuais de apoio para o ensino das nenas socializaron un modelo de muller que puña de relevo a importancia das obrigas e deberes femininos e, entre os máis reeditados –como *Flora o la educación de una niña* (1881) da autoría da mestra Pilar Pascual de Sanjuán–, construíuse un prototipo idealizado do que debía ser unha nena da época: inocente, bondadosa, humilde, fermosa, boa filla, esposa e nai. Respecto aos contidos instrutivos, o fomento de coñecementos sobre a relixión ou os deberes familiares só deixaba un pequeno recanto para aprender cuestións gramaticais, aritméticas, de literatura, de historia ou de hixiene doméstica... Canto ás lecturas para elas, os devocionarios infantís e os libros de consellos morais non inquietaban, mais ler outro tipo de libros, en especial as novelas, considerábase perigoso. O avogado lugués José María Castro Bolaño, escritor e director de *El Correo de Lugo*,

publicou un artigo sobre a educación feminina no *Almanaque de Galicia* (1866) no que denunciaba os erros que a moda e a rutina introduciran en materia educativa e, entre eles, citaba a lectura de novelas frenéticas que glorificaban o crime e levaban as paixóns até o extremo da loucura. E engadía que estas novelas pervertían a moral e as ideas das mozas, que se volvían desgraciadas e ás veces concluían no suicidio.

Este breve introito explicativo arredor da educación feminina no século XIX, cun imaxinario baseado nun modelo educativo e cultural masculino, serve, pensamos, para valorizar na súa xusta medida unha segunda corrente de opinión, minoritaria mais moi sólida, que sinalaba a importancia da instrución feminina e distinguía e situaba ao mesmo nivel ambos conceptos: educar e instruír; corrente en que se situaría andando os anos Mercedes Tella. Por ese camiño viría a liberación das mulleres, entendían as defensoras e os defensores desta corrente de pensamento.

Non foi allea a esta toma de conciencia a creación de Escolas Normais de Mestras, como a da Coruña, fundada en 1865, onde se formaron mulleres tan carismáticas como Mercedes Tella e María Barbeito, mestras de gran relevancia no mundo educativo coruñés, e galego, no primeiro terzo do século XX. Con motivo da fundación deste centro, Antonio de la Iglesia González, profesor da Escola Normal de Santiago e posteriormente catedrático do instituto coruñés, publicou un artigo, “La Universidad de las Mujeres (sic)” (*Galicia, Revista Universal de este Reino*, 1865) onde xulgaba o acontecemento de vital importancia por se tratar dos únicos establecementos en que o ensino programado para elas podía alcanzar certo desenvolvemento e ensanchar os coñecementos das aspirantes ao profesorado. Aínda que no artigo hai algúns tópicos sobre o tema propios da época, De la Iglesia era consciente da importancia da Escola Normal de Mestras pola repercusión que tería na aprendizaxe feminina.

Ao cambio de mentalidade que se ía manifestando pouco e pouco contribuíron, sen dúbida, outros factores, entre eles a corrente de pensamento iniciada en 1868, a partir da Revolución “A Gloriosa”, un período de transformacións, de mudanzas, que viñeron da man dos krausistas e que prestou especial atención á educación feminina. Nesta liña de preocupación polo tema naceron como actividade formativa as conferencias dominicais sobre a educación das mulleres en 1869; a “Asociación para la Enseñanza de la Mujer”, co seu órgano de expresión, *Instrucción para la Mujer*, que apareceu en 1882; a “Escuela de Institutrices”, centro que contaba cun profesorado ilustre e ao que achegaron o seu grao de area as galegas Concepción Arenal, en calidade de conselleira, e Casilda Mexía como profesora de debuxo. Uns anos máis tarde fundouse a “Institución

Libre de Enseñanza” (1876), de inspiración krausista, que tivo moita repercusión na vida intelectual durante anos, desempeñou un labor pedagóxico renovador, abriu paso a reformas educativas e desenvolveu iniciativas a prol da promoción feminina. No seu *Boletín* acolleu moitos artigos sobre esta problemática, algúns asinados por galegas (Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán, Carmen López-Cortón Viqueira). A filosofía institucionista impregnou a praxe e a obra doutras galegas, entre elas Concepción Sáiz Otero, María Barbeito, Hipólita Muíño e a propia Mercedes Tella, as dúas primeiras moi relacionadas coa biografada en diferentes momentos da súa vida.

Neste contexto hai que situar a profesora coruñesa Mercedes Tella Comas, que seguiu unha primeira fase formativa na Escola Normal de Mestras da Coruña, un centro de estudos non elementais onde obtiveron o título moitas mulleres. Non convén esquecer que, entre as profesións liberais de certa cualificación, a de mestra era onde podían exercer as mulleres, o que explica a feminización da profesión nos niveis iniciais. Coa obtención do título de Mestra Superior, Tella quixo ampliar e perfeccionar estudos e deu un paso máis para poder impartir aulas nunha Escola Normal. Como a familia tiña posibilidades económicas, trasladouse a Madrid para seguir un curso que a habilitou como Mestra Normal.

Cando o século XIX estaba esmorecendo, a formación recibida pola coruñesa na Escola Normal Central de Mestras e as relacións que comezaron a fraguarse con profesionais da pedagogía e con outras mulleres preocupadas pola educación feminina que bulían por Madrid durante os anos que alí permaneceu, foron decisivas na súa traxectoria profesional, porque aquel prestixioso centro, considerado como un modelo entre os da súa categoría, contou con profesoras e profesores (María de la Encarnación de la Rigada, Carmen Rojo, Adela Riquelme, Concepción Sáiz, Pedro de Alcántara, Rafael Torres Campos, entre outros) comprometidos coa renovación pedagóxica mais tamén co papel que lles correspondía ás mulleres na sociedade; e puxeron en práctica unha metodoloxía moderna e progresista que atendeu á súa educación e promoción. Isto influíu, é claro, no perfil das alumnas que estudaron no centro. Mercedes Tella axiña pasou a integrar o seu brillante cadro de profesorado e a defender, desde a escrita e desde a palestra pública, as súas ideas ante un tema tan crucial como o educativo. Naquel seu primeiro libro, feito en colaboración con María de la Encarnación de la Rigada, *Aritmética elemental* (1896) –que publicaron para facilitar ás mulleres, e de maneira especial ás ensinantes, o medio de estudar razoadamente unha materia de pouco atractivo para elas– hai un prólogo moi revelador no que aluden á deficiente instrución que recibían

as mulleres a diferenza dos homes, que tiñan acceso aos principais centros de cultura e de especialización científica, mentres que elas precisaban vencer numerosos obstáculos para realizar estas aspiracións. Naquel tempo estaba moi estendida a idea de que elas non estaban dotadas para as materias científicas, si os homes.

Daquel primeiro período como docente na Normal Central de Madrid, no que diversificou a súa actividade e adquiriu unha auréola de prestixio que a acompañou toda a vida –autoformación a través de novos estudos, con tributos en congresos, conferencias, discursos, colaboracións en publicacións, cargos en xuntas directivas, nomeamentos honoríficos–, salientamos un aspecto ben interesante sobre o labor desenvolvido nos albores do século XX por un grupo de mulleres reunidas arredor do *Centro Ibero-Americano de Cultura Popular Femenina y Escuela de Madres de Familia* (1905), dedicado especificamente á ensinanza feminina, laico, libre da férula do Estado e dirixido ás que tiñan poucas posibilidades económicas; centro que incluíu unha serie de escolas fundamentais para a promoción das mulleres e, sobre todo, para a súa educación e formación laboral. Cando a maioría da poboación feminina vivía nun grande atraso educativo e social e a taxa de analfabetismo era moi superior á media europea, a fundación daquel centro veu cubrir unha necesidade que se sentía de urxencia. Á cabeza da iniciativa a galega nacida en Soutomaior, María Vinyals y Ferrés –que pasou do marquesado de Ayerbe ao socialismo–, quen, a través dunha Sección de Señoras da Unión Ibero-Americana, soubo rodearse de personalidades moi destacadas que secundaron aquel proxecto. O máis selecto da ciencia, da pedagogía, do xornalismo, do feminismo, da aristocracia, colaborou con tan filantrópica empresa: Concepción Aleixandre, María Encarnación de la Rigada, Carmen de Burgos Seguí (*Colombine*), Blanca de los Ríos, Salomé Núñez Topete, Matilde García del Real, Clementina Rangel, Melchora Herrero, Rosa Saint Aubert, María Goyri, Carmen Rojo, marquesa de Casa-Torre, entre as corenta que conformaron a sección.

Naquel espazo de sororidade tiveron un papel prominente desde o comezo varias galegas: alén da ensaísta, narradora, prolífica publicista, oradora e feminista María Vinyals, colaboraron de forma altruísta, como docentes ou noutros cometidos, galegas moi notábeis do mundo da pedagogía e da escrita: a protagonista deste libro, Mercedes Tella Comas; Emilia Pardo Bazán, destacada escritora, articulista, tradutora, editora, a primeira muller que ocupou unha cátedra de literaturas neolatinas na Universidade Central de Madrid; a compostelá Concepción Sáiz Otero, pedagoga e escritora das máis valoradas e respectadas no mundo da educación no derradei-

ro terzo do XIX e primeiras décadas do XX. En decembro de 1907, por exemplo, cinco galegas ocupaban os seguintes cargos na xunta directiva daquela Sección de Señoras: María Vinyals como presidenta; Emilia Pardo Bazán e Concepción Sáiz Otero como vicepresidentas; Mercedes Tella Comas estaba á fronte dunha das dúas secretarías e Francisca González Garrido (“Fanny Garrido”), poeta, tradutora, novelista e ensaísta, que non figuraba anteriormente no grupo, ocupaba unha vogalía.

A segunda etapa da frutífera traxectoria profesional de Mercedes Tella desenvolveuse na Coruña, onde se entregou con paixón e compromiso á delicada misión de formar a centos de mulleres na Escola Normal de Mestras, na que deixou unha pegada perdurábel. O itinerario biográfico deste período reflicte, como no anterior, unha pluralidade de inquiredanzas e intereses verdadeiramente significativos: maxisterio nas aulas, dirección administrativa do centro durante moitos anos, asistencia a congresos e reunións pedagóxicas, impartición de conferencias, colaboración con institucións, algunhas benéficas, intervención en actividades culturais, sociais ou de teor feminista... Unha dedicación profesional que levou a cabo con intelixencia, vontade e traballo. E, malia non se declarar feminista –na altura, había mulleres que non ousaban pronunciar esta palabra– as ideas expresadas en diferentes textos, as súas accións e a propia traxectoria persoal posúen unha innegábel forza reivindicativa.

Prestar servizos á sociedade foi unha constante na súa vida, un obxectivo semellante ao da afervoadada defensora da causa das mulleres, María Barbeito, referencia obrigada para o maxisterio galego de anteguerra, á que García Lorca quixo coñecer cando viaxou a Galiza en 1932, porque até el chegara a sona e o prestixio do seu labor. As siluetas das dúas pedagogas, que actuaron xuntas en infinidade de eventos, deberon resultar moi familiares na Coruña das primeiras décadas do século XX. Estaban unidas pola causa educativa que perseguían, afastadas, porén, polas ideas: Barbeito, republicana, laica, progresista; Tella, monárquica, relixiosa, máis conservadora, sobre todo nos últimos anos: ao ser preguntada pola chegada da República, presentouse como profana en profundidades políticas mais non deixou de sinalar a “desorientación desconcertante” que vía nos primeiros momentos do novo réxime.

A pesar da proxección pública e o incesante e entregado labor de moitas mulleres, entre elas as citadas, pertencentes a familias acomodadas e á aristocracia –razón que explica a esmerada educación e coidada instrución con profesorado particular ou en centros de prestixio– o duro, prolongado e estéril período franquista foinas esquecendo e borrando da historia, talvez coa excepción de Emilia Pardo Bazán. Era preciso recuperar estes

nomes e reconstruír as súas biografías persoais e profesionais porque, en medio da exclusión xeral en que vivía a metade da humanidade, foron moi visíbeis e a súa presenza na Galiza anterior á aciaga data de 1936 foi de maior calado do que a primeira vista pode parecer. O franquismo pasou como un furacán e ensombreceu ou ocultou as súas traxectorias. Nos últimos anos foise cubrindo con maior ou menor profundidade ese baleiro, porque de toda aquela pléiade ficara a desmemoria, o silencio e o esquecemento.

Mercedes Tella Comas, da que só se publicaran até o momento breves perfís biográficos elaborados con datos fragmentarios, é unha das afortunadas coruñesas que Ana Romero Masiá elixiu para lle dedicar todo o seu bo facer, toda a súa entrega e talento, coa finalidade de nos ofrecer esta máis que completa monografía. Tella saltou do século XIX ao XX, cunha bagaxe de coñecementos e experiencias pouco común nas mulleres do seu tempo, e atravesou tres décadas do XX para se converter, xunto con outras compañeiras de oficio, nunha das artífices das transformacións das Escolas Normais no primeiro terzo do século. Ao longo das páxinas deste sólido ensaio, a autora recupera a vida e obra dunha mestra –que non foi anónima porque en vida gozou de gran recoñecemento público– e faino de forma exhaustiva e documentada. Nada escapa á pescuda perseverante, á ollada atenta de Ana Romero, investigadora moi rigorosa, do que xa deu mostras na súa extensa bibliografía. Por cinxírmonos ás investigacións de xénero, aí están, por exemplo, os seus traballos sobre as cigarreiras coruñesas, as salgadeiras e conserveiras galegas, ou os dedicados á reconstrución biográfica de figuras senlleiras da nosa historia como *María Barbeito: unha vida ao servizo da escola e dos escolares* (2014), ou os que fixo en colaboración con Carlos Pereira sobre o asociacionismo feminino progresista da Coruña ou sobre Emilia Calé Torres.

Saudamos con ledicia a aparición deste libro, que, para alén de reconstruír a inspiradora vida de Mercedes Tella, contén un interesante aparato gráfico e uns valiosos anexos (discursos, conferencias, crónicas xornalísticas sobre diferentes intervencións) que permiten coñecermos ben o seu pensamento. Un excelente contributo para ir completando a historia das mulleres galegas, que aínda ten bastantes páxinas en branco.

Aurora Marco

1. Os inicios. Formación académica. 1868-1895

Mercedes Tella Comas naceu na Coruña en plena revolución, o 22 de setembro de 1868, cando estaban chegando á cidade os ecos do pronunciamento de Cádiz do día 18 e dos preparativos de Ferrol para secundar o movemento, iniciándose na cidade departamental o movemento ao que, en poucos días, se uniría o resto de Galicia. Na Coruña, a presenza do capitán xeneral, fiel á raíña Isabel II, atrasou a sublevación, que triunfou o día 29. E durante a tensa espera pola evolución dos acontecementos que flotaba no ambiente, na familia Tella-Comas tiña lugar o nacemento de dúas fillas xemelgas.




Alegoría da revolución Gloriosa publicada en El Herculino. Almanaque político y literario de Galicia para 1869.

María de las Mercedes Josefa Tella Comas era filla de José Tella Otero, perito agrimensor, e Perpetua Comas Arias. Naceu ás 6:30 da madrugada do día 22 de setembro de 1868 no domicilio de seus pais, o n.º 10 de Porta Real e, pouco despois, ás 8:00, naceu a súa irmá xemelga, Sofía María. Ambas nenas recibiron o *bautismo de necesidade* por Pascual Veiga e pola tía, Josefa Comas, e posteriormente, o día 27 do mesmo mes, foron bautizadas na igrexa de Santiago da cidade da Coruña¹. Seu pai era natural de

1 Partida de nacemento das irmás xemelgas: “En veinte y siete de septiembre de mil ochocientos sesenta y ocho, dentro de la iglesia de Santiago de la ciudad de La Coruña, D. Juan Heredia, coadjutor del Dr. D. José Labarta, cura rector de ella, bautizó sub conditione, por haber prudente duda, y puso los santos óleos a María de las Mercedes Josefa, que había sido bautizada con bautismo de necesidad por D. Pascual Veiga, y a Sofía María, gemela de la anterior, que también fue socorrida con bautismo de necesidad por D^a Josefa Comas, vecinos de esta ciudad, las cuales niñas habían nacido, la primera a las seis y media, y la segunda a las ocho de la mañana del día veinte y dos de este mes en el número 10 de la

Santiago e a súa nai da Coruña e, ademais de Mercedes e Sofía, tiveron tres fillos máis: Julio (3-9-1864), Elisa Perpetua Enriqueta (20-9-1870) e Alfredo (11-2-1873). A familia cambiou de residencia en varias ocasións, ocupando o 2.º andar do n.º 26 da rúa Rego de Auga, no barrio 3² e, tras a morte do pai (21-2-1893) o 2.º e 3.º andar do n.º 5-7 da Rúa da Praza, no barrio 2³. O fillo maior, Julio, herdou a profesión do pai, figurando tamén nos padróns coa profesión de perito agrimensor.



Inscripción das irmás Mercedes e Sofía no libro-rexistro de nacementos do Concello da Coruña. AMC.

José Tella Otero, ademais da profesión de agrimensor, era a persoa de confianza dunha importante empresa de contratas de obras de estradas e das expropiacións para a construción da vía férrea A Coruña-Sarria⁴, situación que permitiu á familia vivir con certa comodidade e a seus fillos poder realizar estudos. Así, as dúas xemelgas seguiron pasos similares nos seus inicios académicos e matriculáronse na Escola Normal de Mestras da Coruña nos cursos 1883-84, 1884-85 e 1885-86 obtendo, en setembro

Puerta Real. Son hijas legítimas de D. José Tella y de su mujer D^a Perpetua Comas, naturales aquél de la ciudad de Santiago, y ésta de la de La Coruña, de esta parroquia. Abuelos paternos D. José Tella, natural de San Pedro de Hermunde, provincia de Lugo, y D^a María Otero de la citada de Santiago; maternos, D. Juan Comas, natural de Manlleu, provincia de Barcelona, obispado de Vich, y D^a Josefa Arias, natural de San Martín de Piantón, provincia e Oviedo. Fueron padrinos de ambas niñas los abuelos paternos, a quienes advirtió lo que previene el ritual romano. Que conste. Lo firmo. José Labarta. Juan Heredia". AHDS. Libro de Bautizados de Santiago (A Coruña) P009362, fol. 181.

- 2 Padrón de 1877, AMC. AC. c-1403. Padrón de 1886, AMC. AC. c-1410. Padrón de 1889, AMC. AC. c-1413.
- 3 Padrón de 1894, AMC. AC. c-1416. Padrón de 1899, AMC. AC. c-1423.
- 4 "Mercedes es hija [...] de un hombre que, tras una vida laboriosa y puritana, legó a sus hijos un apellido respetable y respetado, una historia inmaculada y una reputación de honradez acrisolada que fue puesta a prueba de continuo. Difícil es que se dé al olvido en La Coruña que D. José Tella fue la persona de confianza y representante de la casa Atocha, que tuvo a su cargo la contrata de carreteras de la provincia, que D. José Tella estuvo asimismo encargado de las expropiaciones para la construcción de la vía férrea de La Coruña a Sarria y que D. José, por cuyas manos pasaron millones, murió sin dejar fortuna, pero dejando una hermosa siembra en los corazones de sus hijos". *Unión Ibero-Americana* (Madrid), 31-12-1905, p. 70.



Descarga de peixe no peirao da Mariña. 1890.

de 1886, o título de mestra de Primeira Ensinanza Superior⁵. A prensa da época recolleu algunhas das boas cualificacións obtidas polas irmás⁶, que tiveron un bo expediente no que abundaron os Sobresalientes e Notables e nos que non figura ningún suspenso⁷.

Descoñecemos se Mercedes traballou como mestra unha vez obtido o título. Para poder ser mestra de Escola Normal tiña que cursar o cuarto ano na Escola Superior de Maxisterio en Madrid⁸. Seu pai falecera o 21 de febreiro de 1893 e o fillo maior tivo que substituílo como cabeza de

-
- 5 Segundo a R.O. de 17-6-1881, os estudos de Maxisterio Elemental constaban de dous cursos, o Superior de tres e o Normal de catro, pero este último debía realizarse na Escola Central de Madrid.
 - 6 De Mercedes destacaban os Sobresalientes conseguidos en materias de 1.º curso: *Dibujo aplicado a labores*. *El Telegrama* (A Coruña), 17-7-1884, p. 2, igual que a súa irmá Sofía, e *Práctica de escritura*. *La Voz de Galicia* (A Coruña), 7-6-1884, p. 3.
 - 7 Datos de Sofía en ARG. FENM. c-4750. Sofía fixo estudos na Instituto da Coruña e matriculouse no curso 1895-96, en ensinanza libre, para cursar Xeografía, Relixión e Moral, obtendo a cualificación de Sobresaliente na convocatoria de setembro. No curso seguinte, 1896-97, obtivo tamén Sobresaliente en xuño na materia de Historia de España. Arquivo do IES Salvador de Madariaga, expediente n.º 4.653. Romero Masiá, 2021: 335.
 - 8 A Dirección da Escola Normal solicitara en varias ocasións que se puidese cursar ese cuarto curso na Coruña para que as alumnas non estivesen obrigadas a trasladarse a Madrid. Esta petición volveu a repetirse en 1896, cando se concedeu esa ampliación a Barcelona e Sevilla. A directora, Joaquina Otaño, ademais de insistir na necesidade de contar cun edificio apropiado, indicaba que, entre 1891 e 1896, se matricularan na Escola coruñesa 999 alumnas, un número elevado que ben merecía que se atendesen as demandas presentadas. AMC. AC. c-2432 (16).

familia⁹. Entón Mercedes tomou unha importante decisión: facerse Mestra Normal. Para iso, presentou unha instancia, con data do 16-5-1894, á Directora da Escola Normal Central, en Madrid, para poder cursar as materias de cuarto curso que a capacitaba para poder impartir clases nas escolas Normais¹⁰. No curso 1894-95 está en Madrid, domiciliada na rúa Bailén n.º 24, e logo de aprobar todas as materias dese curso, o 27 e 28 de xuño de 1895, realizou os exames precisos para poder solicitar o título de Mestra de Primeira Ensinanza Normal¹¹.

Módulos y servicios especiales en la carrera	
Calificaciones que constan en su hoja de estudios	
Primer año:	
2 sobresalientes	(Práctica de escritura, Dibujo aplicado a los labores, nociones de Geometría
5 notables	(Dictionario castellano, Gramática de lecturas, Elementos de Ortografía, Labores de punto y puntadas, Geografía,
1 bueno	(Elementos de Gramática castellana.)
Ninguna otra censura.	
Segundo año:	
4 sobresalientes	(Curso y práctica de lecturas, Ortografía y práctica de escritura,)
(Continuación de Ortografía, Historia de España,	
4 notables	(Historia sagrada, Continuación de Gramática, Principios de
Educación, Continuación de Labores,)	
Ninguna otra censura.	
Tercer año:	
8 sobresalientes	(Ampliación de Dictionario castellano e Historia sagrada,)
(Escritura expresiva, Ejercicios caligráficos y redacción de documentos, Ampliación de Gramática, Ampliación de	
Ortografía, Dignos y Economía doméstica, Ampliación de	
Redacción, Labores de punto y puntadas.)	
Cuarto año:	
11 sobresalientes	(Ortografía, Gramática, Dictionario de Dinos, Dictionario
Dicológico e Historia Natural, Dictionario general y Económico	
doméstica, Redacción Ortografía y Legislación de	
calles, Pedagogía especial aplicada a sordos-mudos y ciegos,	
Dignos españoles, Historia de España y su especial de	
España, Geografía, Dictionario de Dignos en su aplicación	
a los usos comunes de la vida, Dictionario de Literatura y	
Bellas Artes, Dibujo.)	
5 notables	(Religion y Moral, Gramática, Catecismo, Dibujo y Pintura
Industrial, Caligrafía.)	
3 aprobados	(Canto, Labores, Lecturas.)
Ninguna otra censura.	
Obtuvo el título Normal en virtud de aprobación de los ejercicios de matrícula el día 28 de Junio de 1895	

Ella, como sus hermanas, gracias a las aspiraciones de cultura y previsión del porvenir que habían sentido sus padres, eran Maestras Superiores [...], pero siente anhelos de ampliar, como base de operaciones, sus estudios y resuelve venir a Madrid para habilitarse con el título de Maestra Normal; tiene que trabajar mucho para reducir a los suyos a que le consientan realizar su plan, pues a él se oponen no solo ciertos reparos, tales como que precisa una separación, un viaje largo, que nadie de su familia puede acompañarla, etc. etc.; por fin se impone la razón y vence a las preocupaciones sociales, gracias a que la madre de Mercedes es una señora de muy buen sentido.


9 “Muy joven pasa Mercedes Tella por el rudo trance de ver morir a su padre, que es arrebatado de este mundo en lo mejor de su vida. Apenas repuesta de la grave enfermedad que le produce aquel terrible y doloroso choque, se percata de la situación en que se halla colocado su hermano mayor, casi un niño que sucede a su padre en el delicado cargo que desempeñaba y que, convertido en jefe de familia, bien pronto abrumado, a no dudar, por las preocupaciones, obligaciones y responsabilidades asociadas a tan sublime misión”. *Unión Ibero-Americana* (Madrid), 31-12-1905, p. 70.

10 AGUCM. 66/00-50. AGA. EPMTIC.


11 AGUCM. 66/00-1137. AGA. EPMTIC.

Mercedes Tella viene a Madrid, es decir a la Babel, sola, desconocida y triste, pero resuelta. Bien pronto se da a conocer; sus primeros exámenes como alumna libre del grado Normal son de Ciencias exactas y en ellos revela sus altas cualidades para el sereno razonamiento, su aplomo y una sobriedad y precisión de concepto que es cabalmente su característica en el pensar y decir, comienza a obtener *sobresalientes* que no la desvanecen; lo prueba un dato: iniciada en la organización de la Normal de Maestras de Madrid, en las tendencias pedagógicas de su profesorado y prendada de la obra educadora que éste realiza, entiende que será de capital interés para su formación como Maestra Normal seguir el curso como alumna oficial y, capaz de grandes sacrificios a la vez que de valientes resoluciones, se determina por no proseguir los estudios y exámenes en concepto de alumna libre, se matricula oficialmente[...] y, con una hoja de estudios sellada y resellada de *sobresalientes*, conquista su título de Maestra Normal.

Unión Ibero-Americana (Madrid), 31-12-1905, p. 70.



Instancia presentada por Mercedes Tella para cursar 4.º curso en la Escola Normal Central de Mestras. AGUCM.



Acta do exame de reválida de Mestra de Primeira Ensinanza Normal. AGA. EPMTC.